



C O N C E R T O

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO  
Venres 29 de Decembro de 1995  
As 8.30 da tarde na Catedral de Mondoñedo

O programa que ofrece a **Banda Municipal de Ribadeo** nesta súa presentación no marco singular da Catedral de Mondoñedo (era teima do seu director e agora honor da Banda tocar neste templo) ven condicionado por tres cuestións. A primeira, o tradicional concerto de fin de ano que ofrece mañán mesmo na Igrexa Parroquial de Ribadeo, de cuyo programa entresacou as pezas **Comendador**, **Lonxe do mar**, a música incidental para o drama finlandés "**Koulema**" e a **Suite de fados**. En segundo lugar, a propia condición de templo sacro da Catedral limita comenentemente a programación de obras de carácter excesivamente lixeiro ou profano, facendo máis acaído e oportuno tocar páxinas do repertorio clásico universal, como a xa citada obra de Sibelius ou o movemento **Xúpiter** da **suite Os Planetas**, de Holst. Finalmente, forma parte do estilo da **Banda Municipal de Ribadeo** combinar nos seus programas a música clásica e a música contemporánea orixinalmente escrita para orquestra de vento e percusión, isto é, para Banda Sinfónica: dai, entón, este programa.

**Comendador**, de Amílcar Morais, e a **Suite de fados**, de Artur Ribeiro Dantas, son obras de autores portugueses que a Banda montou para a súa participación o pasado mes de Novembro no Festival de Bandas Amadoras de Loures (Portugal) e máis para tocar nun concerto en Lisboa. O propio Director da banda asina dúas obras: **Lonxe do Mar** é unha habanera lenta subscitada por un poema de Mario Benedetti e **Port-Bou-Saraxevo** é unha marcha fúnebre de concerto tributada á cidade sitiada.

A **Banda Municipal de Ribadeo**, desde a súa presentación pública en 1992, inclúe nos programas dos seus concertos música de célebres películas; nesta ocasión programou o tema de **A Lista Schindler**, unha banda sonora de John Williams especialmente indicada para a acústica da Catedral. A música incidental para o drama do finlandés Arrid Järnefelt's composta polo seu compatriota Jean Sibelius é, ademais dun exemplo brillantísimo de música de escola nacionalista, un triste, imbailábel e estremeecedor vals.

P R O G R A M A

COMENDADOR .....	Amílcar Morais
LONXE DO MAR .....	Hernán Naval
PORT-BOU-SARAXEVO .....	Hernán Naval
A LISTA SCHINDLER .....	John Williams
XÚPITER (de Os Planetas) .....	Gustav Holst
Música para o drama KUOLEMA .....	Jean Sibelius
SUITE DE FADOS .....	Artur Ribeiro Dantas

**BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO**

Director. Hernán Naval

*LONXE DO MAR*  
*PORT-BOU-SARAXEVO*  
*A LISTA SCHINDLER*  
*XÚPITER (de OS PLANETAS)*  
*Juan Sibelius*  
*John Williams*  
*Gustav Holst*

CONCELLO DE MONDOÑEDO